
ELEFANTE COMELLÓN

Texto de **RAFAEL ORDÓÑEZ**

Ilustracións de **MARC TAEGER**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 24,5 x 21,5 cm. 40 páx. 14 €.

LOS + 2014 (FUNDACIÓN GERMÁN SÁNCHEZ RUIPÉREZ)
LIBRO RECOMENDADO POLA FUNDACIÓN CUATROGATOS

Elefante comellón (galego)

ISBN 978-84-8464-835-2. MareMar.

Elefante, un gulsante (castelán)

ISBN 978-84-92608-82-9. Primeros lectores.

L'elefant golafré (catalán)

ISBN 978-84-16804-16-0. Primers lectors.

Na inmensa sabana o león dorme, ronca, soña.

Soña o león cun melocotón...

O león esperta coa boca aberta.

Entón lémbrese do melocotón dourado..., saboroso..., delicioso...

O león estírase, levántase, despois mexa detrás dunha planta.


Ole o aire e ponse en marcha...

“Elefante comellón” é un divertimento literario protagonizado por varios animais: o león, a pantera, a gacela, a galiña, a ra... a cada un antóxaselle unha froita e, percorrendo a sabana, buscan onde saciar o seu apetito. Trátase dun relato humorístico de estrutura acumulativa e repetitiva que establece un divertido xogo de palabras rimadas, polo que resulta especialmente indicado para ser contado a primeiros lectores.

Rafael Ordóñez enriquece o texto con fragmentos narrativos e diálogos entre os personaxes, polo que o alcance desta obra faise extensivo tamén a lectores autónomos.

Prolongando a brinca literaria, as ilustracións de Marc Taeger xogan coas cores e coas formas: os animais son representados con gamas cromáticas atípicas e figuras esquemáticas feitas artesanalmente coa técnica do linogravado, coa que logra un aspecto rústico para este álbum que transmite dinamismo.

Unha fauna mansa e vexetariana que se completa coa aparición dun elefante comellón e insaciable.



■ **Temática:** conto de animais.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura acumulativa; rimas; técnica do linogravado; animais; froitas, legumes, sabores, texturas; do ilustrador de “Artur”, “Aquilaes o puntiño”, “A verdadeira historia de Carapuchiña”, “Garavanciño”, “A Guía Necksia” e o libro-disco “Tic-tac”.

Rafael Ordóñez

(Aguilar de Campos, 1964)

Estudou Maxisterio e completou a súa formación en obradoiros de narración oral escénica. É un dos fundadores, en 1995, do grupo Cháchara Cuentacuentos. Tamén pertence á Asociación Madrileña de Narración Oral, MANO. Recibiu o Premio Jaén de LIX (2001). É autor de varios libros para público infantil publicados en editoriais como Alfaguara, Beascoa e La Galera.

Marc Taeger

(Berna, 1963)

Estudou deseño gráfico en Barcelona. Afincado en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son as especialidades da súa obra, que se expuxo en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia e Costa Rica. Polo seu traballo de ilustración e deseño no álbum “A verdadeira historia de Carapuchiña” (KALANDRAKA), recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial 2005. Tamén ilustrou os álbums “Aquilaes o puntiño”, “Garavanciño”, “Tic-tac” e, no selo FAKTORÍA K, “Artur” e “A Guía Necksia”.
www.marquski.com



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
